



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Oscar Insua Lema, Rosana Pérez Fernández e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**, sobre reclamar a creación dunha base marítima do SVA na Costa da Morte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza segue sendo unha zona estratéxica e de grande importancia para os narcotraficantes, tanto para a entrada e posterior distribución da droga cara Europa, como ao propio estado español. Así o corroboran os informes de todas as axencias dedicadas á loita contra o narcotráfico e as últimas aprehensións realizadas nas nosas costas. No último informe publicado polo Centro de intelixencia contra o terrorismo e o crime organizado sobre a estadística anual sobre drogas 2023, quedan reflexadas as cantidades incautadas, destacando os 13.027 quilos de cocaína, o 11% do aprehendido en todo o estado español, situándose o noso territorio na 5ª posición da lista, os 1.300 quilos de pasta de cocaína (o 54,15 % do total), os 60 kilos de heroína (o 19,04% do total), ou os 783 quilos de hachís (o 0,22% do total), unha porcentaxe baixa esta última, dado que a introdución desta droga desprazouse na última década ao sur da península. Non obstante, cabe salientar, que moitas das incautacións executadas en Canarias, corresponden a investigacións realizadas dende Galiza, que ao ser realizadas en alta mar, deben dirixirse ao porto máis cercano, polo que acaban contabilizando nas illas Canarias. Os narcotraficantes, día a día buscan novas formas de introdución destas sustancias, pero a día de hoxe segue sendo por mar a súa forma máis habitual e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

maioritaria, a través de contedores no tráfico marítimo, de embarcacións de recreo ou de narcosubmarinos.

Galiza dispón de seis 6 bases marítimas (Vigo, Marín, Vilagarcía, Muros, A Coruña e Ribadeo) das que dúas están desde hai anos con embarcacións totalmente obsoletas, Muros e Ribadeo. Na base marítima de Muros (A Coruña), está a embarcación de nome V.A. II. Entrou en operatividade no ano 1985, para unha vida útil de 15 anos, ten actualmente unha antigüidade de 40 anos. Está embarcación é a encargada de vixiar a zona sur da Costa da Morte. (Corrubedo, Muros, Carnota, Corcubion ata Fisterra). Á parte da súa inutilidade como embarcación para a loita contra o narcotráfico na mar, é un verdadeiro perigo para as súas tripulacións debido ás constantes avarías nos seus motores, etc. A base marítima de Ribadeo (Lugo) está asignada a embarcación Alcaraván II, do ano 1984, cuxa zona de navegación é A Mariña Lucense e costa Asturiana. Segundo a súa documentación, terminou a súa vida útil no ano 2000, pero hoxe en día segue navegando co perigo que isto leva para as súas tripulacións e a inoperatividade para as súas funcións.

O departamento de Aduanas ten encargado ao Grupo Rodman oito embarcacións de alta velocidade e a primeira destas xa foi entregada, con destino ao sur do estado español. En base a isto, o Goberno ten respondido ao BNG no Congreso que "respecto ao prazo de entrega das embarcacións, que, como se prevé nos Pregos reguladores da licitación tramitada para a adquisición do oito embarcacións, o prazo de execución do contrato para a subministración é de 3 anos a contar desde o 12 de xaneiro de 2023. A primeira embarcación será entregada aos 15 meses desde a firma do contrato, a seguinte será entregada aos 18 meses, a seguinte aos 21 meses, e así (cada 3 meses) sucesivamente até completar as 8 unidades"





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Se ben o goberno español aseguraba que "para a distribución das novas unidades téñense en conta as necesidades de todas as bases do Servizo de Vixilancia Aduaneira, entre elas, como non pode ser doutra maneira, as bases de Muros e Ribadeo. A substitución das embarcacións da base marítima de Muros (V.A.II) e da base marítima de Ribadeo (Alcaraván II) podería levarse a cabo en 2025" a previsión non era radicar nas bases galegas ningunha destas novas naves, senón retirar as obsoletas existentes e colocar no seu lugar os descartes doutras bases do estado español- barcos tamén con vida útil sobrepasada ou a piques de acadala. Porén, os problemas co barco entregado e atrasos nas entregas no astaleiro fan que ese umbral temporal vaia ser incumprido. Deste xeito, o barco da base de Muros, con desguace previsto para este ano, segue en servizo, con cantas limitacións veñen de expoñerse.

O territorio da Costa da Morte, escenario histórico e tamén recente de descargas, está actualmente cuberto coa base marítima da Coruña, que non chega máis que ate Camariñas, e coa de Muros, na zona sur ata Fisterra- coas limitacións que a embarcación ten, xa coñecidas, e a inseguridade que ofrece ás 15 persoas que, por quendas, teñen que operar con ela- e a de Vilagarcía. A base da Coruña ten que estender a súa actuación na costa de Ortegal, Ferrolterra, o golfo ártabro e Bergantiños até chegar á zona que cubre a base marítima de Ribadeo- con outra embarcación obsoleta-. A de Vilagarcía- cun só barco porque o outro que tiña foi trasladado a outra base española- ten por veces que suplir a base de Muros ademais de cubrir as rías de Arousa e Pontevedra. En consecuencia, parte da Costa da Morte queda sin ser vixiada polo SVA, concretamente entre cabo Fisterra e Camariñas, zonas de intensas descargas, segundo as últimas pesquisas das forzas e corpos de seguridade.

A extensión da costa galega e o accidentada e recortada da súa natureza ofrece moitas oportunidades para os tráfico ilícitos, polo que, ademais de dotar de embarcacións decentes e suficientes ás bases actualmente existentes, parece razoábel





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ubicar unha nova base do Servizo de Vixilancia Aduaneira no amplo espazo da Costa da Morte, de maneira que para vixilancia dese treito de costa e persecución de tráfico ilícitos non haxa que agardar á presenza dos medios das bases da Coruña ou Muros. Esta demanda histórica, leva 30 anos sen executarse, despois de dúcias de promesas dos ministros do Estado Español, tanto do PSOE como do PP. Se queremos diminuír o consumo de estupefacientes na mocidade, e na sociedade e xeral, é imprescindible aumentar os recursos na loita contra o narcotráfico e o crime organizado, e iso non se consegue eliminando ou desprazando os poucos medios que tiñamos, como foi o caso do avión na base de Compostela, que foi dado de baixa, ou helicóptero na base de Vigo, que o desprazaron a Andalucía, ou un dos barcos de Vilagarcía de Arousa, que foi dado de baixa, atopándose unha das tripulacións sen embarcación.

Recentemente en declaracións á prensa, o Servizo de Vixilancia Aduaneira (SVA) descartaba habilitar unha base na Costa da Morte: «Neste momento, Aduanas non está a contemplar abrir novas bases marítimas en ningún punto do litoral español» e o Delegado do goberno en Galiza, Pedro Blanco Lobeiras, dou a calada por resposta cando foi interrogado sobre esta cuestión. Namentres, dende a comarca, todas as autoridades locais consideran necesario instalar unha base do SVA na Costa da Morte, para ampliar o control da costa, combater de forma máis eficiente e ser máis eficaces en tempos de respostas contra a entrada de droga polo mar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a olicitar ao goberno do Estado a creación dunha base marítima permanente do Servizo de Vixilancia Aduaneira na Costa da Morte.”

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2025

Asdo.: **Oscar Insua Lema**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 21/02/2025 10:44:51

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 21/02/2025 10:46:04

Rosana Pérez Fernández na data 21/02/2025 10:46:06

